



## PROVIDENCIA DE INCOACIÓN

**Asunto:** Incoación do expediente de contratación do subministro e instalación para a “**MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE PORTO DO SON**”( FINANCIADO CON CARGO AO FONDO ADICIONAL AL FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL

**EXPEDIENTE: 1064/2024 (relacionado co da subvención 343/2024)**

Logo de ver que consta informe xustificativo da necesidade de celebración do referido contrato onde se indica:

### “1. Necesidades a satisfacer co contrato.

Conforme ao indicado no artigo 28 da Lei 9/2027, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público ( LCSP): “ As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación

Actualmente o campo de fútbol de Porto do Son ( cuxo uso foi cedido previo acordo da Comunidade de Montes de Baroña e previo decreto de alcaldía nº 605/2024 de 27.06.2024 de avocación de competencias para aceptar a cesión gratuita (sen contraprestación) do uso das parcelas de titularidade da Comunidade de Montes de Baroña onde está situado o campo de fútbol Emilio García, acordo de cesión formalizado en escritura pública nº 417 de data de 05.07.2024, expediente nº 2881/2022), tal e como sinala a memoria do proxecto técnico descriptivo das actuacións a realizar, dispón dunha instalación de alumeadoo para o uso en horario nocturno destas instalacións. A instalación actualmente dispón de proxectores con lámparas de halogenuros metálicos na parte superior das torres de 18 metros de altura, montados nas súas respectivas crucetas. Por lo que se pode apreciar visualmente, e as medicións realizadas, algúns proxectores e os seus equipos auxiliares teñen diminuído considerablemente o seu rendemento e se atopan na fase final da súa vida útil.

É por isto que o Concello de Porto do Son decidiu solicitar unha subvención ao abeiro da Orde de 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos Concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes ( DOG nº 32 de febreiro de 2024) coa finalidade de substituír os proxectores existentes por outros de tecnoloxía LED, más eficientes coa finalidade de mellorar a eficiencia enerxética e conseguir reducir os consumos enerxéticos e de emisións de CO2. Así mesmo coa actuación se consigue adecuar o alumeadoo do campo de fútbol aos valores establecidos pola normativa.

O proxecto para levar a cabo a citada actuación foi redactado polo enxeñeiro técnico industrial ICOIIG con número de colexiado 2724, Javier García Villamisar, onde se describen as actuacións a realizar e se explica máis pormenorizadamente a razón da presente contratación. ( R.E. nº 2352/2024).

O subministro do presente contrato non pode ser xestionado de maneira directa polo Concello de Porto do Son ao non dispoñer de medios propios materiais ni persoais para levar a cabo o presente contrato.”

Visto que segundo o proxecto técnico antes citado, o valor estimado do contrato ascende a 50.791,10 euros.

Considerando que en atención á natureza da actuación e a contía do contrato, un dos procedementos de contratación legalmente permitidos é o **procedemento aberto** de acordo ao establecido no art. 131 LCSP ( procedemento ordinario )

Considerando que resulta preciso tramitar coa maior urxencia posible a presente contratación en atención aos perentorios prazos de xustificación da actuación concedidos polo organismo subvencionante, así como ante a necesidade de dispor canto antes dunha iluminación en condicións de uso do campo de fútbol, debendo acelerarse os trámites polas razón de intereses público sinaladas e declarar de urxencia a presente tramitación en aplicación do previsto no artigo 119 da LCSP e conforme ao sinalado na memoria xustificativa da contratación.





Considerando que nos atopamos ante un contrato mixto de suministro e obras ao amparo dos artigos 13, 16, e 18 da Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017 LCSP); e tendo en conta que de conformidade co disposto no artigo 18 da LCSP e o contido do Proxecto técnico a executar, a prestación principal a constitúe a relativa ao contrato de suministro. Por este motivo, se seguirán las normas do suministro para a adxudicación do presente contrato.

Visto o disposto no artigo 116 Lei 9/2017, do 8 de novembro:

*"1. La celebración de contratos por parte de las Administraciones Públicas requerirá la previa tramitación del correspondiente expediente, que se iniciará por el órgano de contratación motivando la necesidad del contrato en los términos previstos en el artículo 28 de esta Ley y que deberá ser publicado en el perfil de contratante.*

*2. El expediente deberá referirse a la totalidad del objeto del contrato, sin perjuicio de lo previsto en el apartado 7 del artículo 99 para los contratos adjudicados por lotes.*

*3. Al expediente se incorporarán el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas que hayan de regir el contrato. En el caso de que el procedimiento elegido para adjudicar el contrato sea el de diálogo competitivo regulado en la subsección 5.ª, de la Sección 2.ª, del Capítulo I, del Título I, del Libro II, los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas serán sustituidos por el documento descriptivo a que hace referencia el apartado 1 del artículo 174. En el caso de procedimientos para adjudicar los contratos basados en acuerdos marco invitando a una nueva licitación a las empresas parte del mismo, regulados en el artículo 221.4, los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas serán sustituidos por el documento de licitación a que hace referencia el artículo 221.5 último párrafo.*

*Asimismo, deberá incorporarse el certificado de existencia de crédito o, en el caso de entidades del sector público estatal con presupuesto estimativo, documento equivalente que acredite la existencia de financiación, y la fiscalización previa de la intervención, en su caso, en los términos previstos en la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria."*

Tendo en conta o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril en relación coa DA II da lei 9/2017 de 8 de novembro e o réxime de delegación de competencias mediante resolución nº 806/2023 de 20 de xullo (BOP nº 142 de 27 de xullo de 2023) pola que se delega na Xunta de Goberno Local a competencia para "13. As competencia da Alcaldía como órgano de contratación para as contratacóns de obras, suministro, servizos, contratos de concesión de obras, contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas a súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

**Exclúese da citada delegación o acordo de incoación dos correspondentes expedientes de contratación** e a potestade de efectuar os requisitos de documentación xustificativa ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa ao que fai referencia o artigo 150 da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do Sector Público e a petición de informes técnicos a petición da Mesa.

Igualmente se exclúen a tramitación e resolución de adxudicación dos contratos menores."

**Visto canto antecede, coa presente DISPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Incoar o correspondente expediente administrativo de contratación por procedemento aberto e tramitación de urxencia do suministro e instalación para a **"MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE PORTO DO SON"** (FINANCIADO CON CARGO AO FONDO ADICIONAL AL FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL

**SEGUNDO.-** Declarar a tramitación do presente **expediente de URXENCIA** en atención a fundamentación antes indicada e en aplicación do previsto no artigo 119 da LCSP.

**TERCEIRO.-** Ordenar a incorporación ao expediente do certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa.





**CUARTO.-** Ordenar a incorporación ao expediente do Proxecto técnico redactado polo ICOIIG con número de colexiado 2724, Javier García Villamisar, onde se describen as actuacións a realizar ( R.E. nº 2352/2024), que servirá de Prego de Prescripcións Técnicas regulador do presente contrato, ao que se suxeitará á execución do contrato.

**QUINTO.-** Ordear que se incorpore ao expediente o PCAP regulador do presente contrato, onde se recollan os criterios de selección e adxudicación descritos na memoria xustificativa da contratación.

**SEXTO.-** Someter o expediente con tódolos documentos anteriores a informe de secretaría e á fiscalización da intervención municipal.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O alcalde-presidente do concello de Porto do Son

José Luis Oujo Pouso

